



GABINETE DE IGUALDADE

Galicia

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS DE CONCILIACIÓN EN GALICIA ANTE A SITUACIÓN XERADA POLO COVID-19



1

AXUDAS ÁS FAMILIAS CON NENAS E NENOS DE ATA DOCE ANOS DE IDADE PARA A CONCILIACIÓN NA SITUACIÓN XERADA POLA COVID-19 A TRAVÉS DO PROGRAMA BONO COIDADADO EXTRAORDINARIO

Obxecto da axuda:

Establecer as bases reguladoras polas que se rexerá a concesión de axudas económicas ás familias con nenos e nenas de ata doce anos de idade, estes incluídos, que teñan a súa residencia en Galicia para a conciliación da vida familiar e laboral durante o tempo de suspensión de actividade nas escolas infantís 0-3 e centros de ensino non universitario como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19

Persoas beneficiarias:

Os pais/nais, titores/as, ou as persoas que teñan en situación de acollemento familiar ou garda preadoptiva nenos/as de ata doce anos de idade residentes na Comunidade Autónoma de Galicia.

Requisitos:

a

Ter unha nena ou neno nacida/o con posterioridade ao 31 de agosto de 2007.

b

Ambas persoas proxenitoras, ou a única no caso de familias monoparentais ou con custodia non compartida, traballando (nos casos de custodia compartida este requisito entenderase referido ao tempo no que esta se exerza efectivamente, debendo presentar nestes casos cada persoa proxenitora unha solicitude individual).

c

Que os salarios netos da unidade familia da última mensuralidade respecto do momento de presentación da solicitude, detraendo o rateo da paga extraordinaria se a houber, ou os rendementos netos da unidade familiar no caso de persoas traballadoras autónomas, non superen os 2.500€ ou, de superalos, non sexan superiores aos 806€ per cápita.

Gastos subvencionables:

a

Contratación de servizos de atención á infancia a domicilio.

b

Contratación laboral dunha persoa empregada do fogar destinada ao coidado dos nenos e nenas. Consideraranse tamén neste suposto as ampliacións de contratos laborais preexistentes que se realicen con esta finalidade.

c

Pase a situación de excedencia por coidado de fillos/as, ou redución da xornada de traballo pola mesma causa do pai/nai, titor/a, ou a/s persoa/s que teñan o neno ou nena en situación de acollemento familiar ou garda preadoptiva, sempre que supoña unha redución efectiva nas retribucións.

Consideraranse tamén as reducións da xornada de traballo preexistentes que se adaptasen ou modificasen con esta finalidade. Non serán obxecto de subvención os períodos durante os que se perciba a prestación por nacemento ou coidado de persoa menor no marco da normativa da Seguridade Social.



Galicia

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS DE CONCILIACIÓN EN GALICIA ANTE A SITUACIÓN XERADA POLO COVID-19

Contía

Pode acadar ata o 100% do custo da contratación ou do importe da redución das retribucións cun límite máximo global de 500 €/mes por unidade familiar beneficiaria.

Duración

Dende o 16 de marzo ata que se levante a suspensión das actividades como medida preventiva de saúde pública nas escolas infantís 0-3 e nos centros de ensino non universitarios non podendo estenderse, en ningún caso, máis alá do exercicio orzamentario vixente.

Prazo e lugar de presentación de solicitudes

1 mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da orde no Diario Oficial de Galicia*.

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo I) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude de xeito presencial, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerárase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

2

AXUDAS ECONÓMICAS ÁS FAMILIAS DE PERSOAS USUARIAS DE CENTROS DE ATENCIÓN DIÚRNA DE PERSOAS MAIORES E CON DISCAPACIDADE DURANTE A SITUACIÓN DE SUSPENSIÓN DESTE SERVIZO COMO CONSECUENCIA DO COVID-19, A TRAVÉS DO BONO COIDADADO EXTRAORDINARIO Á DEPENDENCIA

Obxecto da axuda:

Establecer as bases reguladoras para a concesión dunha liña de axudas económicas para os gastos derivados da contratación dun servizo de axuda no fogar, para a contratación ou ampliación de xornada de persoas coidadoras ou para paliar a diminución de ingresos por acollerse a unha excedencia ou redución de xornada para atender no domicilio ás persoas usuarias de centros de día de persoas maiores e de centros de día específicos de alzheimer, e de centros de día e ocupacionais de persoas con discapacidade, e para a contratación de servizos de estimulación física e/ou cognitiva a estas persoas, toda vez que a actividade destes centros está suspendida pola situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Persoas beneficiarias:

As persoas familiares que subscriban un contrato para a prestación do servizo de axuda no fogar ou un contrato ou ampliación doutro existente cunha persoa coidadora, ou que soliciten unha excedencia ou redución de xornada para atender ás persoas usuarias de centros de día de maiores e de centros de día específicos de alzheimer, e de centros de día ou ocupacionais de persoas con discapacidade, autorizados e inscritos no RUEPSS, cuxa actividade está suspendida segundo o disposto no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de marzo de 2020, polo que se adoptan as medidas preventivas en materia de saúde pública na Comunidade Autónoma de Galicia, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19; ou para a contratación de servizos de estimulación física e/ou cognitiva a estas persoas.



Galicia

MEDIDAS EXTRAORDINARIAS DE CONCILIACIÓN EN GALICIA ANTE A SITUACIÓN XERADA POLO COVID-19

Gastos subvencionables:

a

Modalidade de contratación dun servizo de axuda no fogar, de gastos derivados da contratación ou ampliación de xornada de persoas coidadoras, e de compensación pola diminución de ingresos por acollerse a unha excedencia ou redución de xornada, nas condicións detalladas no artigo 3.1.

b

Modalidade de contratación de servizos de estimulación física e/ou cognitiva, nas condicións detalladas no artigo 3.2.

As dúas modalidades son compatibles, isto é, as persoas beneficiarias poden solicitar una delas ou as dúas.

Contía

Modalidade a) Terá un importe máximo de 500€ mensuais para sufragar os custos.

Modalidade b) Terá un importe máximo de 100€ mensuais para sufragar os custos.

Duración

Durante o tempo de suspensión da actividade do centro de día ou ocupacional ao que viña acudindo a persoa usuaria como consecuencia das medidas adoptadas pola pandemia do COVID-19.

Prazo e lugar de presentación de solicitudes

1 mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da orde no Diario Oficial de Galicia*.

Presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>.

Opcionalmente poderanse presentar presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



O Diario Oficial de Galicia foi publicado o 12 de xuño de 2020